

Memoria das actividades do

IMELGA

Instituto de Medicina Legal de Galicia - 2023



ÍNDICE

PRESENTACIÓN	3
DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL	5
ORGANIGRAMA	6
DATOS XERAIS	7
ANO 2023	7
EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DOS 5 ÚLTIMOS ANOS	9
SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE	13
PERICIA MÉDICA	15
PERICIA MÉDICA XUDICIAL	16
PERICIA MÉDICA EXTRAXUDICIAL	21
PERICIA PSICOSOCIAL	21
UNIDADES DE VALORACIÓN FORENSE INTEGRAL (UVFI)	24
SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE	28
SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE	29
ESTUDO DAS MORTES NATURAIS	31
DISTRIBUCIÓN DE MORTES INVESTIGADAS SEGUNDO A ETIOLOXÍA E SUBDIRECCIÓN	32
A CORUÑA	32
FERROL	33
LUGO	34
OURENSE	35
PONTEVEDRA	36
SANTIAGO DE COMPOSTELA	37
VIGO	38
ESTUDO DAS MORTES VIOLENTAS	39
ESTUDO DA MORTE POR AFOGAMENTO	42
ESTUDO DAS MORTES POR ACCIDENTE DE TRÁFICO	43
ESTUDO DA MORTE SUICIDA	43
OUTRAS ACTUACIÓNS PERICIAIS	47
ASISTENCIA A XUÍZO ORAL	48
ACTIVIDADES DE GARDA	48
ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA	50
DIXITALIZACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS	51
CIBERSEGURIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS	51
PROXECTOS DE INNOVACIÓN	52
COLABORACIÓNS INTER-INSTITUCIONAIS	54
ACTIVIDADE DOCENTE E DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA	54
EN RESUMO	57



PRESENTACIÓN



Presentación

O Instituto de Medicina Legal de Galicia, **Imelga**, creouse mediante o Decreto 119/2005 e a súa entrada en funcionamento, acordada na Orde do 23 de marzo de 2006, supuxo a modificación da estrutura organizativa e funcional da medicina forense no ámbito da Comunidade Autónoma, converténdose nun órgano técnico ao servizo da Administración de xustiza que ten como función auxiliar os xulgados, tribunais, fiscalías e oficinas do Rexistro Civil en materia de medicina legal e forense.

Tras 18 anos de historia, a súa evolución segue a traxectoria do resto dos Institutos de Medicina Legal do noso país, cuxas funcións foron ampliándose e adaptándose aos novos tempos como establece o novo regulamento no RD 144/2023, no que se recollen cuestións como a ampliación da actividade técnica a outros profesionais, como psicólogos e traballadores sociais no contexto das unidades de valoración forense integral ou a transformación dixital e o uso das novas tecnoloxías no desenvolvemento da nosa actividade diaria.


Aínda que a nosa principal misión continúa a ser a práctica de probas periciais médicas, tanto clínicas como de patoloxía, e periciais de equipos técnicos, tamén realizamos pericias extraxudiciais e funcións de docencia e investigación relacionadas coas ciencias forenses, ademais de colaborarmos con entidades públicas ou privadas por razóns de interese xeral, de acordo co establecido nas leis en virtude dos acordos ou convenios que se adopten.

A nosa estrutura ten unha Dirección situada na sede administrativa da Comunidade Autónoma, Santiago de Compostela, sede tamén dunha das sete subdireccións Territoriais que a compoñen, que son: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Toda a súa actividade se organiza en torno a dous grandes servizos: o **Servizo de Patoloxía Forense** e o **Servizo de Clínica Forense**.

Temos a particularidade de que o director exerce tamén as funcións de subdirector da Subdirección Territorial de Santiago de Compostela e que os xefes de servizo, tanto de clínica coma de patoloxía, exercen tamén funcións de xefe de sección nesta subdirección, ao se tratar da sede da Dirección do Imelga.



Distribución territorial




Fonte habitantes: INE 2023

Imaxe obtida da páxina web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
<https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/es/xustiza/organizacion-xudicial>



Organigrama



Datos xerais

A continuación preséntanse os datos do ano 2023 e a evolución da nosa actividade nos últimos cinco anos.

Año 2023


A actividade de 2023 amosa o incremento progresivo dos últimos anos, ao ofrecer unha cifra de solicitudes moi por riba dos exercicios anteriores.




A pericia médica segue a ter o maior peso no noso instituto, e dentro desta, a do Servizo de Clínica. Non obstante, a pericial do Servizo de Patoloxía presenta unha relevancia social cada vez máis importante.

Os datos obtidos das investigacións das mortes xudiciais teñen interese para entidades públicas coas que colaboramos na prevención, protección e mellora da saúde dos cidadáns aos que damos servizo.

O seguinte cadro mostra os datos xerais da actividade do ano 2023:


	SERVIZO CLÍNICA			SERVIZO PATOLOXÍA	TOTALS
	PERICIA MÉDICA	PERICIA PSICOSOCIAL	PERICIA EXTRAXUDICIAL		
SOLICITUDES RECIBIDAS	21502	866	890	2008	25266
INFORMES EMITIDOS	17926	1721	695	2343	22685





Evolución da actividade dos 5 últimos anos

A tendencia ascendente na recepción de solicitudes periciais procedentes dos xulgados, fiscalías e tribunais nestes cinco últimos anos indica a relevancia que adquire a nosa actividade pericial, aportando os coñecementos científico-técnicos necesarios para a resolución dos procedementos de referencia.




Nos cinco últimos anos (e malia a notarse no ano 2020 o efecto da pandemia da Covid-19 na diminución da actividade dos xulgados e tribunais, o cal se reflicte nun descenso das solicitudes) a progresión é evidente, pois **o número de solicitudes aumentou en 4.000 desde 2019.**

Isto supón unha media de **1.000 solicitudes máis cada ano**, cunha **taxa de resolución de asuntos do 90%** tendo en conta os informes definitivos emitidos e as non asistencias, que representan o final de cada pericia.

Ter en consideración o tipo de pericia é importante pola diferente metodoloxía de traballo –que se expón ao longo desta memoria– de cada unha delas e polas mudanzas que foron experimentando, no mesmo sentido ca os cambios sociais e legislativos.


A seguir pódese ver graficamente a **variación da actividade do servizo de clínica: así, percíbese que estando moi igualada no 2019 nos dous ámbitos (valoración de lesións e valoración psiquiátrica), a valoración de lesións mantense estable**, mentres que **a valoración psiquiátrica presenta un ascenso progresivo** nas solicitudes de valoración de dano nestes últimos anos.





No que respecta á evolución da **pericial psicosocial** a gráfica reflicte o **pico de solicitudes na materia de familia trala crise da Covid-19, cun efecto acumulativo.**

A estabilización das solicitudes e as medidas para a resolución das mesmas fixeron que a situación actual diste da que tivemos anos atrás.




No ámbito da violencia sobre a muller, os datos reflicten un **aumento significativo da pericia especializada de valoración integral das vítimas** de violencia de xénero desde o ano 2021, **cun novo despegue das mesmas tras a creación no 2023 das unidades de valoración forense integral.**



No ámbito da violencia sexual, o aumento das solicitudes ten que se interpretar como un aumento progresivo das denuncias das vítimas, que por unha banda lles dá unha maior visibilidade a estes casos e, por outra, provocan o incremento das investigacións xudiciais neste eido que requiriron da nosa intervención.

Isto significa que, cun servizo especializado e de calidade pericial, os xulgados e as vítimas teñen confianza en nós para seguir contando coa nosa intervención.



SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE




Servizo de clínica forense

O **Servizo de Clínica Forense**, pola súa banda, abarca todas as pericias médicas, xudiciais e extraxudiciais e as dos equipos psicosociais (psicolóxicas ou de traballo social) que son demandadas por xuíces, tribunais e fiscalías.

Datos globais do servizo:

SERVIZO CLÍNICA FORENSE - ANO 2023	
NÚMERO TOTAL DE PERICIAS SOLICITADAS	23258
PERICIA MÉDICA	21502
PERICIA PARTICULAR	890
PERICIA PSICOSOCIAL	866
NÚMERO TOTAL DE INFORMES EMITIDOS	20342
NON ASISTENCIAS	2650



As cifras reflicten unha visión global da actividade. Non obstante, o número de informes que reflicten é só o dos informes definitivos, o cal non responde á realidade de toda a actividade realizada en cada pericia, pois a metodoloxía de traballo é variable segundo o caso a tratar.



Metodoloxía pericial.

En xeral, a realización de cada pericia obriga ao recoñecemento en consulta dos suxeitos a valorar en máis dunha ocasión. Así mesmo, é posible a solicitude de realización de probas complementarias, coa consecuente espera da obtención do resultado para a emisión do informe definitivo, ou a valoración da documental existente no procedemento e a investigación bibliográfica.

Noutras ocasións, para a valoración daquelas persoas que teñen imposibilidade de desprazamento ou cando se queren avaliar factores do contorno ambiental de especial interese para o caso, fanse desprazamentos a centros hospitalarios, residenciais ou domicilios e a outras institucións. Estas actividades ocupan a xornada habitual dos peritos médicos, psicólogos e traballadores sociais.

A todo isto hai que lle sumar o tempo necesario para a elaboración do informe e, finalmente, o tempo dedicado á asistencia a xuízo se son citados a comparecer na vista oral.

Nos seguintes cadros pode verse a distribución da **actividade do Servizo de Clínica Forense por subdirección no ano 2023:**

PERICIAS SOLICITADAS	SUBDIRECCIÓN							TOTAL IMELGA
	ACORUÑA	FERROL	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	
PERICIA MÉDICA	3374	1366	3089	3115	2884	3185	4489	21502
PERICIA PARTICULAR	48	89	161	55	197	81	259	890
PERICIA PSICOSOCIAL	188	69	81	93	156	152	127	866
TOTAL POR SUBDIRECCIÓN	3610	1524	3331	3263	3237	3418	4875	23258

INFORMES EMITIDOS 2023	SUBDIRECCIÓN							TOTAL IMELGA
	ACORUÑA	FERROL	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	
PERICIA MÉDICA	2774	1101	2668	2459	2378	2943	3603	17926
PERICIA PARTICULAR	44	78	156	50	151	39	177	695
PERICIA PSICOSOCIAL	238	177	142	257	452	202	253	1721
TOTAL POR SUBDIRECCIÓN	3056	1356	2966	2766	2981	3184	4033	20342



Pericia médica

A pericia médica segue a ser a principal no seo do Imelga, fronte a pericia psicosocial. Son os médicos forenses os máis demandados polos órganos xudiciais e fiscalías.

Divídese principalmente en dúas áreas; unha de valoración de dano corporal, é dicir, de lesións, e outra de valoración psiquiátrica.

Na área da valoración de dano corporal temos tanto solicitudes xudiciais (a maioría delas) como extraxudiciais, estas no contexto das lesións derivadas dos accidentes de tráfico segundo o establecido no Real decreto 1148/2015.

As solicitudes de pericia médica, tanto xudicial como extraxudicial, dentro do ámbito da clínica médico forense representan unha porcentaxe do **88,6%** do total de solicitudes de pericia, e un **96,3%** dentro do ámbito da clínica.

A distribución da **pericia médica solicitada no ano 2023** amósase no seguinte cadro:

SERVIZO CLÍNICA FORENSE - ANO 2023	
NÚMERO TOTAL DE PERICIAS MÉDICO FORENSES SOLICITADAS (xudiciais máis pericias extraxudiciais)	22392
NÚMERO TOTAL DE INFORMES MÉDICO FORENSES EMITIDOS (xudiciais máis pericias extraxudiciais)	18621
NON ASISTENCIAIS	2273

Os datos indican que o **93,3%** das solicitudes de pericia médica foron resoltas, tendo en conta que os informes emitidos e as non asistenciais supón o final de cada pericia.

Con 18.621 informes definitivos emitidos, os solicitantes tiveron neste ano 2023 a valoración médico forense nun **83,1%** dos casos pedidos no contexto dun procedemento xudicial ou extraxudicial.




Pericia médica xudicial

Dentro da pericia médica xudicial, no **campo da valoración do dano corporal** realízase, ademais da avaliación das lesións, a valoración da capacidade psicofísica e do estado de saúde nos casos de capacidade laboral na xurisdición social, de dependencia, de excarceracións, de capacidade para realizar traballos en servizo da comunidade ou de cumprimento doutro tipo de penas.

No **campo da psiquiatría forense** o que concentra a maior parte do traballo é a valoración en relación coa imputabilidade, coa capacidade de obrar e a necesidade de medidas de apoio por discapacidade, co dano psíquico das vítimas de delitos, coas diversas pericias en relación cos trastornos por dependencia a substancias tóxicas e cos internamentos psiquiátricos ou residenciais.

Finalmente, fanse periciais específicas nalgúns **campos específicos, coma a valoración da praxe profesional médica, o rexistro civil e os delitos contra a liberdade sexual.**

Os **datos desagregados por tipo de pericia** preséntanse nos seguintes cadros e gráficos:




SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE PERICIAS SOLICITADAS - ANO 2023

TIPO DE PERICIA	
VALORACIÓN DANO CORPORAL	7083
CAPACIDADE PSICO-FÍSICA	485
PSIQUIATRÍA	12596
XULGADOS DO SOCIAL	213
DETERMINACIÓN IDADE	20
AGRESIÓNS SEXUAIS	424
NEGLIXENCIAS	46
OUTROS*	530
Totais	21397

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE INFORMES MÉDICO FORENSES EMITIDOS - ANO 2023

TIPO DE PERICIA	
VALORACIÓN DANO CORPORAL	6734
CAPACIDADE PSICO-FÍSICA	322
PSIQUIATRÍA	10260
XULGADOS DO SOCIAL	78
DETERMINACIÓN IDADE	64
AGRESIÓNS SEXUAIS	253
NEGLIXENCIAS	23
OUTROS*	232
Totais	17966

**INFORMES MÉDICO FORENSES DEFINITIVOS 2023
DISTRIBUCIÓN POR TIPO DE PERICIA**



A pericia médica xudicial, cun total de **21.502** pericias, representa un **92,4%** da demanda pericial médica.



A **valoración de lesións** supón unha demanda de **7.083** pericias, que representan o **32,9%** da actividade. Destas solicitudes recibidas emitíronse **6.734 informes definitivos**, o que supón que **se deu resposta ao 95% das solicitudes** neste campo.

Distribución da valoración no ámbito da psiquiatría forense por tipo de pericia:

PERICIAS SOLICITADAS - ANO 2023	
PSIQUIATRÍA FORENSE	
Internamentos involuntarios hospitalarios	2750
Internamentos involuntarios residenciais	2675
Medidas de apoio	5002
Imputabilidade	1307
Deteminación de drogas	569
Medidas de seguridade	118
Dano psíquico	132
Outros*	481
TOTAL	13034

INFORMES EMITIDOS POR PERICIA - ANO 2023	
PSIQUIATRÍA FORENSE	
Internamentos involuntarios hospitalarios	2531
Internamentos involuntarios residenciais	2352
Medidas de apoio	3613
Imputabilidade	823
Deteminación de drogas	374
Medidas de seguridade	55
Dano psíquico	80
Outros*	413
TOTAL	10241





A **valoración psiquiátrica forense** representa na actualidade un **58,6%** da demanda xudicial, cun incremento progresivo nos últimos anos.

Os **internamentos involuntarios**, tanto psiquiátricos hospitalarios coma residenciales, representan un **41,6%** da actividade, mentres que as **pericias relacionadas coas persoas que precisan de medidas de apoio** representan un **38,4%**.

Na vía penal, a valoración de estados mentais patolóxicos que poidan influír na capacidade do acusado de comprender e obrar no momento da comisión do acto delituoso supón un **10%**, mentres que a determinación de drogas, asociada ou non ao anterior, ou no contexto da garda na valoración dos detidos, supón un **4,4%**.

Distribución do tipo de pericia médica por subdireccións:

SERVIZO CLÍNICA FORENSE: PERICIAS MÉDICO FORENSES SOLICITADAS - ANO 2023								
TIPO DE PERICIA	SUBDIRECCIÓN							TOTALS POR PERICIA
	A CORUÑA	FERROL	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	
VALORACIÓN DANO CORPORAL	1351	441	916	882	1103	992	1398	7083
CAPACIDADE PSICO-FÍSICA	16	9	31	41	56	182	150	485
PSIQUIATRÍA	1787	813	1976	2059	1424	1827	2710	12596
XULGADOS DO SOCIAL	43	25	21	18	11	32	63	213
DETERMINACIÓN IDADE	2	0	0	5	0	2	11	20
AGRESIÓNS SEXUAIS	71	17	65	52	53	60	106	424
NEGLIXENCIAS	8	2	7	3	11	8	7	46
OUTROS*	60	58	62	46	198	74	32	530
TOTALS POR SUBDIRECCIÓN	3338	1365	3078	3106	2856	3177	4477	21397

**Non inclúe os datos da violencia de xénero-capítulo UVFI deste documento.



SERVIZO CLÍNICA FORENSE INFORMES MÉDICO FORENSES EMITIDOS - ANO 2023

TIPO de PERICIA	SUBDIRECCIÓN							TOTALS POR PERICIA
	A CORUÑA	FERROL	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	
VALORACIÓN DANO CORPORAL	1338	411	913	773	1083	870	1346	6734
CAPACIDADE PSICO-FÍSICA	12	6	17	16	40	131	100	322
PSIQUIATRÍA	1336	639	1616	1576	1146	1863	2084	10260
XULGADOS DO SOCIAL	15	15	4	14	7	23		78
DETERMINACIÓN IDADE	1	0	0	4	11	2	46	64
AGRESIÓNS SEXUAIS	34	15	61	53	34	28	28	253
NEGLIXENCIAS	1	1	10	2	3	3	3	23
OUTROS*	37	14	46	21	51	51	12	232
TOTALS POR SUBDIRECCIÓN	2774	1101	2667	2459	2375	2971	3619	17966

Comparativa por Subdireccións das periciais médicas xudiciais máis frecuentes:

SUBDIRECCIÓN	A CORUÑA	FERROL	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	TOTALS POR PERICIA
PERICIAS SOLICITADAS								
Internamentos involuntarios residenciais	192	110	516	601	217	395	644	2675
Medidas de apoio	775	475	897	1007	410	646	792	5002
INFORMES EMITIDOS								
Internamentos involuntarios residenciais	173	78	475	466	211	399	550	2352
Medidas de apoio	548	351	648	714	317	500	535	3613

En conclusión, os datos amosan que **a pericia máis solicitada é a valoración psiquiátrica**, cun **58,6%** das solicitudes, pericia que, ademais, xera un **57,1%** de todos os informes medicoforenses emitidos este ano. O seguinte ámbito está representado pola **valoración de dano corporal** nas lesións, co **37,5%** dos informes emitidos.

Por subdireccións, **a que ten maior carga de traballo no ámbito da pericial médica é a de Vigo**, case con **1.000 solicitudes anuais máis ca as outras**. A desviación preséntase no ámbito da psiquiatría forense e das agresións sexuais.

As subdireccións de Ourense, Lugo e Pontevedra teñen unha distribución semellante na carga de traballo. Na de Pontevedra destaca o campo da valoración de dano corporal.

Entre as de Ourense e Lugo reciben o 40% das solicitudes de pericial psiquiátrica máis frecuentes no Imelga, internamentos involuntarios residenciais e medidas de apoio. Isto é debido ás características da súa poboación, a máis envellecida, e ao número de prazas residenciais, pois é o máis elevado da nosa Comunidade.

A dispersión da poboación e a redistribución dos residentes entre os diferentes tipos de prazas residenciais dificultan a resolución dos casos. Así e todo, entre o **70** e o **75%** resólvense dentro do mesmo ano.



Pericia Médica Extraxudicial

Á marxe da pericia solicitada polos órganos xudiciais, os médicos forenses realizan pericias a pedimento de particulares no contexto da Lei 35/2015, de reforma do sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación.

Nestas pericias a solicitude procede directamente dos propios lesionados.

PERICIA MÉDICA EXTRAXUDICIAL 2023	SUBDIRECCIÓN							
	ACORUÑA	FERROL	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	TOTAL IMELGA
PERICIAS SOLICITADAS	48	89	161	55	197	81	259	890
INFORMES EMITIDOS	44	78	156	50	151	39	177	695
NON ASISTENCIAS	3	2	7	2	13	21	20	68

Este tipo de pericia **amentou nun 15% respecto ao ano 2022**. Cun total de **890** solicitudes de pericias recibidas, representa ao redor do **4%** da demanda pericial médica, e o seu nivel de resposta é do **85,7%**.

A maior carga de traballo distribúese **na provincia de Pontevedra**, cuxas subdireccións reciben e realizan á beira do **50%** do total do Imelga.

Pericia Psicosocial

Este tipo de actividade pericial está a ser realizada por parte dos profesionais dos equipos psicosociais, compostos cada un deles por un psicólogo e mais por un traballador social.

Actúan conxuntamente nas pericias en materia de familia e nas unidades de valoración forense integral, xunto cun médico forense experto.

Os psicólogos son os que actúan de xeito individual na valoración da credibilidade, mentres que na pericia das medidas de apoio a persoas con discapacidade quen o fan son os traballadores sociais.

A pericial psicosocial no Imelga supón un **3,42%** da demanda sobre o total da actividade, e un **3,72%** da actividade do Servizo de Clínica ao que pertencen.

Os **datos xerais da actividade dos equipos psicosociais** correspondentes ao ano 2023 son os seguintes:





PERICIA PSICOSOCIAL - ACTIVIDADE IMELGA 2023		
TIPO DE PERICIA	PERICIAS SOLICITADAS	INFORMES DEFINITIVOS EMITIDOS
PRECONSTITUÍDAS	142	148
PSICOSOCIAL-FAMILIA	494	1116
PSICOSOCIAL-DANO	55	177
PSICOLOXÍA-CREDIBILIDADE	105	228
SOCIAL	70	52
TOTAIS POR SUBDIRECCIÓN	866	1721

Os datos por subdireccións teñen a seguinte distribución:

INFORMES SOLICITADOS 2023								
SUBDIRECCIÓN	A CORUÑA	FERROL	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	TOTAIS
PRECONSTITUIDAS	47	1	25	12	20	16	21	142
PSICOSOCIAL-FAMILIA	113	45	35	53	106	60	82	494
PSICOSOCIAL-DANO	6	10	4	10	4	15	6	55
PSICOLOXIA-CREDIBILIDADE	22	13	17	14	17	7	15	105
SOCIAL	0	0	0	4	9	54	3	70
TOTAIS POR SUBDELEGACIÓN	188	69	81	93	156	152	127	866

INFORMES EMITIDOS 2023								
SUBDIRECCIÓN	A CORUÑA	FERROL	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	TOTAIS
PRECONSTITUIDAS	43	0	31	19	27	13	15	148
PSICOSOCIAL-FAMILIA	155	142	72	185	367	37	158	1116
PSICOSOCIAL-DANO	6	21	9	21	18	75	27	177
PSICOLOXIA-CREDIBILIDADE	34	14	30	29	29	44	48	228
SOCIAL-MEDIDAS DE APOIO	0	0	0	3	11	33	5	52
TOTAIS POR SUBDELEGACIÓN	238	177	142	257	452	202	253	1721





Na análise das diferenzas entre as pericias solicitadas e os informes definitivos emitidos hai que ter en conta as situacións nas que os peritados **non comparecen ás citacións** remitidas desde o Imelga para as entrevistas necesarias, o que non fai posible a emisión dos informes relacionados coas solicitudes.

Neste caso, foron **258** persoas. O máis frecuente en todas as subdireccións é que se trate de casos de garda e custodia e de modificación de medidas.

Esta é a **distribución das non comparecencias por subdirección e tipo de pericia psicosocial** que amosa o noso sistema, correspondente ao ano 2023:

SUBDIRECCIÓNS		A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
VALORACIÓN PSICOSOCIAL	PROBAS PRECONSTITUIDAS	4				1		1	6
	VALORACIÓN DE GARDA E CUSTODIA	28	6	2	3	38	17	9	103
	MODIFICACIÓN DE MEDIDAS	19	3	2	1	4	8	9	46
	ADOPCIÓN E ACOLEMETOS								
	OUTRAS	13		1		1	5	3	23
Subtotal		64	9	5	4	44	30	22	178
VALORACIÓN PSICOLÓXICA	CREDIBILIDADE DA TESTEMUÑA DO MENOR	5	1		1	6	3	5	21
	DANO PSICOLÓXICO	2			3		5	2	12
	VALORACIÓN DA PERSONALIDADE								0
	VALORACIÓN INTELECTIVA								0
	VALORACIÓN COGNITIVA					1	1		2
	OUTROS					1			1
Subtotal		7	1		4	8	9	7	36
VALORACIÓN SOCIAL	VALORACIÓN SOCIAL						4		4
	Subtotal						4		4
VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	21				12	2	5	40
	Subtotal	21				12	2	5	40
NON ASISTENCIAS		92	10	5	8	64	41	34	258

Polo tanto, pódese **concluir que** a implantación das medidas excepcionais por parte da Xunta, que remataron o 31 de xullo do 2023, para dar resposta ao atraso na execución da



actividade destes profesionais ao final do 2022, xunto coas medidas organizativas e metodolóxicas para ordenar o seu traballo dentro do ámbito da estrutura do Imelga, son as responsables da **desviación positiva no número de informes emitidos** neste ano, que acadou un total de **1.721 informes**.

A gráfica da Subdirección de Pontevedra amosa unha elevada cantidade de informes emitidos rexistrados no 2023, que responde aos casos que se cerraron na auditoría interna relativa aos rexistros no sistema Simelga realizada tamén neste ano.

As **pericias psicosociais no ámbito de familia e as probas preconstituídas**, onde participan conxuntamente os membros dos equipos, supoñen o **57%** e o **16,4%**, respectivamente, do total da súa actividade.

As psicolóxicas da **credibilidade do testemuño** supoñen o **12,1%**, coa singularidade de que na súa realización teñen que participar dous profesionais.

O **dano psíquico** supón un **6,3%** de toda a actividade. A respecto deste dano cómpre sinalar que tras a entrada en vigor **no 2022** da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, **pasa a considerarse dano psicosocial e precisa unha valoración conxunta**.

A **pericia social**, exclusiva das **medidas de apoio** das persoas con discapacidade, supón un **8%** da demanda do Imelga. **A Subdirección de Santiago recibe máis de tres cuartas partes, o 77%, do total das pericias neste ámbito**.

Fixéronse **148 probas preconstituídas** seguindo o aumento progresivo nos últimos anos. A súa realización ocupa un tempo importante –sobre todo dedicado ás entrevistas e á súa preparación– dos profesionais, en colaboración coas autoridades xudiciais e mais co Ministerio Fiscal.

Tras a realización deste tipo de actuacións emítese un informe do desenvolvemento da mesma e de todas as cuestións relevantes que se consideren. O número deste tipo de informes definitivos é o que se reflicte nos cadros da actividade expostos neste apartado.

Unidades de valoración forense integral (UVFI)

As unidades de valoración forense integral son unidades funcionais conformadas por profesionais da medicina, da psicoloxía e do traballo social forense cuxo fin é o de construír un sistema probatorio de calidade **nos casos de violencia de xénero** baseándose na visión multidisciplinar dos profesionais que o conforman á hora de abordar a avaliación da vítima, do agresor, do contorno e das circunstancias, para así facilitar a máxima información ao xulgador no seu labor de resolver as cuestións penais e civís relacionadas cos feitos obxecto do procedemento.



En marzo do ano 2023 publicouse, aprobado mediante o Real decreto 144/2023, o novo Regulamento dos institutos de medicina legal, que recolle especificamente estas unidades no ámbito das nosas institucións.

No noso instituto, seguindo os parámetros da nova regulamentación, no primeiro Consello de Dirección do **ano 2023, créase unha unidade de valoración forense integral na Dirección, así como tamén cadansúa unidade en todas as subdireccións.**

A súa función técnica desenvólvese nos casos de **violencia de xénero e violencia sexual das vítimas de especial vulnerabilidade** (mulleres, nenos, nenas, adolescentes e persoas con discapacidade), traballando ao servizo dos órganos xudiciais de cada subdirección.

Neste sentido, comezamos o desenvolvemento das seguintes tarefas:


- Deseño **do protocolo de actuación** nos casos de violencia sexual e do protocolo de coordinación coas oficinas das vítimas na proba preconstituída, pendentes de entrar en vigor no ano 2024.
- Inclusión da **marca violencia de xénero** no sistema Simelga para a identificación dos casos, con vistas a efectos estatísticos e investigadores.
- Inclusión da **marca violencia doméstica** no sistema Simelga para a identificación dos casos, con vistas a efectos estatísticos e investigadores.
- **Formación específica** nos cursos de formación continuada de Xustiza para o persoal do Imelga desenvolto na Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
- **Colaboración con outras institucións** relacionadas con este ámbito, como o amosan a asistencia a reunións co Concello de Santiago na estratexia de prevención de violencias sexuais e LGTBI+ en abril e xuño do 2023; a colaboración na formación da Unidade de Atención á Familia e á Muller (UFAM) de Vigo en marzo; ou a colaboración co Servizo Galego de Saúde (Sergas) no grupo de traballo para o desenvolvemento do seu protocolo de atención ás vítimas de agresión sexual e de toma de mostras, adaptado á nova lexislación, que foi aprobado e posto en funcionamento no mes de xullo deste ano.

Estas pericias representan o **5,7%** da actividade de clínica, seguindo a tendencia dos últimos anos.

O **resumo da actividade pericial** e a análise dos datos das actuacións neste ámbito da violencia de xénero e sexual reflíctense neste cadro:



SOLICITUDES REALIZADAS 2023	A CORUÑA	FERROL	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	TOTAIS TIPO DE PERICIA
Agresións Sexuais	71	17	64	52	53	56	106	419
Agresións Físicas	176	58	76	109	66	76	171	732
UVFI	25	4	11	5	23	6	25	99
Violencia Xénero só muller	3	0	0	4	4	6	5	22
TOTAIS POR SUBDIRECCIÓN	275	79	151	170	146	144	307	1272



Os datos recollidos neste ano permiten concluir un aumento do 14% na violencia física respecto ao ano 2022.

As agresións sexuais medraron un 20%. Na Subdirección de Vigo rexístrase o 25% destes casos.

A asistencia ás vítimas das agresións sexuais supón o 33% da actividade pericial neste ámbito. Trátase dunha asistencia integral e de seguimento desde a primeira solicitude, que habitualmente procede do xulgado de garda.

Ao tratarse dunha actuación de garda, a vítima sempre ten á súa disposición un médico forense, os 365 días ao ano, 7 días á semana e 24 horas ao día, que acode inmediatamente para a súa asistencia ao servizo de urxencias hospitalarias do hospital de referencia do servizo público de saúde.

Nesta primeira actuación recóllense as mostras tras a realización dunha entrevista clínica e emítese o informe preliminar pertinente, e remítense co formulario e a cadea de custodia correspondente aos laboratorios de referencia: o Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses (INTCF) de Madrid ou o Instituto de Ciencias Forenses 'Luís Concheiro' da USC.



Unha vez recibidos os resultados, emítense o informe definitivo con todas as cuestións medicoforenses relevantes.

Entrementres, as UVFIs poden ir traballando de forma programada neses casos de violencia sexual, ou mesmo en casos deste tipo de violencia nos que non hai asistencia urxente por parte do médico forense, actuacións estas que ata o de agora se recollen dentro da actividade xeral dos equipos psicosociais derivados das probas preconstituídas. Deste xeito, poden proceder á valoración da credibilidade do testemuño e mais do dano psíquico ou psicosocial tanto nos casos de adultos coma nos de menores e persoas con discapacidade.

Pola súa banda, a **valoración das agresións físicas** de forma illada faise tamén cumprindo as **actuacións urxentes derivadas dos xulgados especializados de violencia sobre a muller**, que na nosa Comunidade pertencen ás subdireccións **da Coruña e Vigo**, ou dos xulgados de instrución de garda con competencia nesta área.

No noso sistema Simelga diferénciase a valoración que, solicitada pola autoridade xudicial, se fai da muller vítima de violencia de xénero nalgún ámbito illado daquelas outras nas que se solicita especificamente a valoración integral.

Nestes momentos temos unha situación de desenvolvemento desta área que, por unha parte, vai destinada a cumprir coas obrigas legais e, por outra, resulta axeitada ás necesidades dunha boa práctica na asistencia ás vítimas, incluídos menores, nenos, nenas, adolescentes e persoas con discapacidade.



SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE



Servizo de patoloxía forense

Ao **Servizo de Patoloxía Forense** correspóndelle a actividade relacionada coa investigación medicolegal en todos os casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade. Tamén atende as peticións do Rexistro Civil en relación coa supervisión de certificados de defunción.

Pero sendo este o seu campo de actuación, a intervención do médico forense na morte natural non para de medrar.

A investigación xudicial da morte iníciase como unha actuación de garda, coa realización da dilixencia do **levantamento do cadáver** mediante a asistencia ao lugar dos feitos, onde se recollen datos relacionados coa morte.

Fixéronse un total de **1.058** actos de levantamento do total das **2.008** mortes investigadas, é dicir, algo máis do **50%** dos casos.

Estas mortes requiren a práctica da **autopsia xudicial**.

No contexto destas investigacións realízanse todos os estudos complementarios que o médico forense coide oportunos, que se remiten **aos laboratorios de referencia: ou ben ao INTCF de Madrid ou ben**, sobre todo no que atinxe a probas toxicolóxicas e de xenética forense, **ao Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro", da Universidade de Santiago de Compostela, con cuxa colaboración se conta en virtude de convenio.**


Interviñemos nun **total de 2.008 mortes**, das cales **1.043** se consideraron **morte natural** e **965** **morte de etiología medicolegal violenta**.

Xa que logo, máis da metade, un **52%**, das mortes investigadas nos servizos de patoloxía do Imelga son naturais, fronte o **48%** de mortes violentas.

A **distribución do tipo de mortes investigadas en cada subdirección segundo a etiología medicolegal** recóllese nos seguintes cadros e gráficos:

SUBDIRECCIÓN	A CORUÑA	FERROL	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	TOTAIS
MORTES INVESTIGADAS	465	101	290	214	198	326	414	2008
HOMICIDIOS	5	0	1	0	1	4	4	15
SUICIDIOS	67	24	54	29	33	50	69	326
ACCIDENTES	137	21	85	87	61	115	118	624
MORTE VIOLENTA	209	45	140	116	95	169	191	965
MORTE NATURAL	256	56	150	98	103	157	223	1043





Distribución xeral segundo as causas de morte:

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE - ANO 2023 NÚMERO TOTAL DE MORTES INVESTIGADAS POR NATUREZA-ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL E CAUSA DE MORTE		
Nº MORTES INVESTIGADAS:		2.008
MORTE VIOLENTA		965
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	15
	SUICIDA	326
	ACCIDENTAL	624
CAUSA DA MORTE	Lesións por arma branca	17
	Lesións por arma de fogo	16
	Lesións eléctricas	1
	Lesións térmicas	18
	Asfixias mecánicas	278
	Reacción adversa a drogas	53
	Intoxicacións	78
	Traumatismos	489
	Non especificada	15
	MORTE NATURAL	
IDADE	PERINATAL	10
	INFANTIL	5
	ADULTO	1028
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	20
	Patoloxía dixestiva	52
	Patoloxía respiratoria	75
	Patoloxía cardiovascular	757
	Patoloxía endócrino e metabólica	11
	Patoloxía xenital e urinaria	8
	Outras patoloxías	24
	Indeterminadas	40
	Pendientes de resultados	56




Estudo das mortes naturais

Estas mortes estúdanse porque en moitos destes casos a morte preséntase de forma rápida e inesperada, sen tempo a asistencia médica, polo que de xeito habitual estas mortes derívanse a investigación xudicial, aínda que non existan datos de sospeita de criminalidade.

Só unha parte destas mortes son finalmente consideradas cos criterios de morte súbita medicolegal: é dicir, aqueles casos de persoas sen antecedentes patolóxicos que xustifiquen tal acontecemento mortal, e que por esa razón se poden considerar mortes sospeitosas susceptibles de investigación xudicial.

A investigación da causa deste tipo de mortes indica os **tipos de patoloxías que as producen:**



A **patoloxía máis salientable segue a ser a cardiovascular, cun 73%**, que é a causa de morte máis frecuente na poboación xeral.

Os nosos datos indican que a nosa actividade maioritaria se centra na investigación de mortes naturais que suceden en persoas enfermas, con ou sen tratamento, de cuxas patoloxías son coñecedores os servizos médicos asistenciais, e polo tanto, os responsables da emisión do certificado de defunción.

Dedicamos tempo e recursos a investigar estas mortes, cando as nosas competencias se centran nas mortes violentas ou sospeitosas de criminalidade, polo que estamos a traballar para evitar o envío destas mortes a investigación xudicial, sen razón xustificada, polos servizos asistenciais.



Distribución de mortes investigadas segundo a etiología e subdirección

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE - ANO 2023 A CORUÑA		
Nº MORTES INVESTIGADAS:		465
MORTE VIOLENTA		209
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	5
	SUICIDA	67
	ACCIDENTAL	137
CAUSA DA MORTE		
	Lesións por arma branca	7
	Lesións por arma de fogo	4
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	9
	Asfixias mecánicas	49
	Reacción adversa a drogas	25
	Intoxicacións	20
	Traumatismos	95
	Non especificada	0
MORTE NATURAL		256
IDADE	PERINATAL	5
	INFANTIL	0
	ADULTO	251
CAUSA DA MORTE		
	Patoloxía neurolóxica	5
	Patoloxía dixestiva	12
	Patoloxía respiratoria	18
	Patoloxía cardiovascular	193
	Patoloxía endócrino-metabólica	1
	Patoloxía xenital e urinaria	3
	Outras patoloxías	10
	Indeterminadas	7
	Pendientes de resultados	7



SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE - ANO 2023 FERROL		
Nº MORTES INVESTIGADAS:		101
MORTE VIOLENTA		45
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	0
	SUICIDA	24
	ACCIDENTAL	21
CAUSA DA MORTE		
CAUSA DA MORTE	Lesións por arma branca	0
	Lesións por arma de fogo	1
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	1
	Asfixias mecánicas	23
	Reacción adversa a drogas	0
	Intoxicacións	5
	Traumatismos	15
	Non especificada	0
MORTE NATURAL		56
IDADE	PERINATAL	1
	INFANTIL	0
	ADULTO	55
CAUSA DA MORTE		
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	2
	Patoloxía dixestiva	0
	Patoloxía respiratoria	6
	Patoloxía cardiovascular	41
	Patoloxía endócrino-metabólica	1
	Patoloxía xenital e urinaria	0
	Outras patoloxías	1
	Indeterminadas	3
	Pendientes de resultados	2



SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE - ANO 2023 LUGO		
Nº MORTES INVESTIGADAS:		290
MORTE VIOLENTA		140
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	1
	SUICIDA	54
	ACCIDENTAL	85
CAUSA DA MORTE		
	Lesións por arma branca	1
	Lesións por arma de fogo	4
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	0
	Asfixias mecánicas	25
	Reacción adversa a drogas	4
	Intoxicacións	26
	Traumatismos	80
	Non especificada	0
MORTE NATURAL		150
IDADE	PERINATAL	1
	INFANTIL	0
	ADULTO	149
CAUSA DA MORTE		
	Patoloxía neurolóxica	0
	Patoloxía dixestiva	11
	Patoloxía respiratoria	9
	Patoloxía cardiovascular	122
	Patoloxía endócrino-metabólica	0
	Patoloxía xenital e urinaria	0
	Outras patoloxías	0
	Indeterminadas	8
	Pendientes de resultados	0



SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE - ANO 2023		
OURENSE		
Nº MORTES INVESTIGADAS:		214
MORTE VIOLENTA		116
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	0
	SUICIDA	29
	ACCIDENTAL	87
CAUSA DA MORTE		
CAUSA DA MORTE	Lesións por arma branca	1
	Lesións por arma de fogo	5
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	2
	Asfixias mecánicas	31
	Reacción adversa a drogas	4
	Intoxicacións	1
	Traumatismos	68
	Non especificada	4
MORTE NATURAL		98
IDADE	PERINATAL	1
	INFANTIL	1
	ADULTO	96
CAUSA DA MORTE		
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	2
	Patoloxía dixestiva	3
	Patoloxía respiratoria	2
	Patoloxía cardiovascular	76
	Patoloxía endócrino-metabólica	2
	Patoloxía xenital e urinaria	0
	Outras patoloxías	1
	Indeterminadas	2
	Pendientes de resultados	10



SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE - ANO 2023 PONTEVEDRA		
Nº MORTES INVESTIGADAS:		198
MORTE VIOLENTA		95
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	1
	SUICIDA	33
	ACCIDENTAL	61
CAUSA DA MORTE		
CAUSA DA MORTE	Lesións por arma branca	0
	Lesións por arma de fogo	0
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	0
	Asfixias mecánicas	32
	Reacción adversa a drogas	8
	Intoxicacións	9
	Traumatismos	43
	Non especificada	3
MORTE NATURAL		103
IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	1
	ADULTO	102
CAUSA DA MORTE		
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	1
	Patoloxía dixestiva	9
	Patoloxía respiratoria	7
	Patoloxía cardiovascular	74
	Patoloxía endócrino-metabólica	2
	Patoloxía xenital e urinaria	1
	Outras patoloxías	5
	Indeterminadas	2
	Pendientes de resultados	2



SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE - ANO 2023 SANTIAGO DE COMPOSTELA		
Nº MORTES INVESTIGADAS:		326
MORTE VIOLENTA		169
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	4
	SUICIDA	50
	ACCIDENTAL	115
CAUSA DA MORTE		
CAUSA DA MORTE	Lesións por arma branca	5
	Lesións por arma de fogo	0
	Lesións eléctricas	1
	Lesións térmicas	4
	Asfixias mecánicas	58
	Reacción adversa a drogas	6
	Intoxicacións	6
	Traumatismos	89
	Non especificada	0
MORTE NATURAL		157
IDADE	PERINATAL	1
	INFANTIL	0
	ADULTO	156
CAUSA DA MORTE		
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	2
	Patoloxía dixestiva	6
	Patoloxía respiratoria	15
	Patoloxía cardiovascular	100
	Patoloxía endócrino-metabólica	2
	Patoloxía xenital e urinaria	3
	Outras patoloxías	5
	Indeterminadas	3
	Pendientes de resultados	21



SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE - ANO 2023 VIGO		
Nº MORTES INVESTIGADAS:		414
MORTE VIOLENTA		191
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	4
	SUICIDA	69
	ACCIDENTAL	118
CAUSA DA MORTE		
	Lesións por arma branca	3
	Lesións por arma de fogo	2
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	2
	Asfixias mecánicas	59
	Reacción adversa a drogas	6
	Intoxicacións	11
	Traumatismos	106
	Non especificada	2
MORTE NATURAL		223
IDADE	PERINATAL	1
	INFANTIL	3
	ADULTO	219
CAUSA DA MORTE		
	Patoloxía neurolóxica	8
	Patoloxía dixestiva	11
	Patoloxía respiratoria	18
	Patoloxía cardiovascular	151
	Patoloxía endócrino-metabólica	3
	Patoloxía xenital e urinaria	1
	Outras patoloxías	2
	Indeterminadas	15
	Pendientes de resultados	14




Estudo das mortes violentas

Investigáronse **965** mortes violentas: **15** de etiología homicida, **326** suicida e **624** de etiología accidental.

Distribución de mortes violentas por etiología e subdirección:

ETIOLOXÍA MEDICOLEGAL	SUBDIRECCIÓN						
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo
HOMICIDA	5	0	1	0	1	4	4
SUICIDA	67	24	54	29	33	50	69
ACCIDENTAL	137	21	85	87	61	115	118
TOTAL	209	45	140	116	95	169	191





Coma nos últimos anos, **a provincia da Coruña**, cun total de **443**, é a que maior número de morte violentas investiga, mentres que a de Ourense, con **116**, é a que menos.

Tanto en total coma en cada subdirección, **o grupo máis importante de mortes violentas foron as accidentais, agás na de Ferrol, na que o número de suicidios supera o de mortes accidentais**. Nesta etiología inclúense as mortes por accidentes de tráfico, os accidentes laborais e os fortuítos.

Segue en importancia **o suicidio**, que **se mantén estable con respecto ao ano 2022**.







Polo que atangue ao mecanismo da morte violenta, o máis frecuente é a morte por traumatismos, con preto do **51%**, ben sexa focalizados na cabeza, ben sexa a xeito de cadros de politraumatismo, ligados a violencias complexas coma os accidentes de tráfico ou laborais ou as precipitacións suicidas.

No ano 2023 a morte accidental diminuíu con respecto ao ano anterior, pasando dos **663** casos do ano anterior aos **624** deste ano.

Seguen en importancia as asfixias mecánicas, con case un terzo dos mecanismos mortais da morte violenta, concretamente un **29%**. Dentro deste grupo, as máis frecuentes son os aforcamentos suicidas e os afoamentos, estes últimos xeralmente de carácter accidental.

No seguinte cadro recóllese a **distribución por subdireccións das causas máis frecuentes de morte accidental:**

MORTE ACCIDENTAL 2023								
SUBDIRECCIÓN	A CORUÑA	FERROL	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	TOTAIS
MECANISMO MORTAL								
ACCIDENTE DE TRÁFICO	17	1	19	25	9	20	21	112
INCENDIOS	9	1	0	2	0	4	2	18
ACCIDENTES ELÉCTRICOS	0	0	0	0	0	1	0	1
CAÍDAS E OUTROS TRAUMATISMOS	95	15	80	67	43	85	104	489
AFOGAMENTO	8	2	3	2	3	5	4	27



Estudo da morte por afogamento

A morte por afogamento considérase unha asfixia mecánica, polo que forma parte dese mecanismo mortal, o segundo máis frecuente das mortes violentas na nosa casuística.

Neste ano comezamos unha **colaboración activa coa Axencia Galega de Emerxencias** coa finalidade de establecer se as nosas investigacións, e os datos obtidos neste tipo de mortes, poderían ser de utilidade na prevención destes casos no Plan de protección de praias e zonas de recreo con zonas de baño, ampliando a proxección social do traballo medicoforense.

Deste estudo obtivéronse os seguintes datos:

Das **965** mortes violentas, **278** foron asfixias mecánicas e **53** fórono por afogamento (isto é, un **5,5%** de todas as mortes violentas).

Das mortes por afogamento, máis da metade foron **accidentais (27 das 53)**, e houbo 1 accidente laboral. Da case outra metade, **21 foron suicidas e 5 indeterminadas** (é dicir, mortes nas que existen dúbidas polos indicios que as rodean).

Por provincias, **A Coruña tivo 22 casos**, coa seguinte distribución por subdireccións: 2 na de Ferrol, 6 na de Santiago de Compostela e 14 na da Coruña.

Na provincia de **Pontevedra rexistráronse 14 casos: 9 na subdirección de Vigo e 5 na de Pontevedra. Na provincia de Ourense rexistráronse 9 casos, e na de Lugo 8.**

O máis frecuente é que se trate de homes: 40 varóns, fronte ás 13 mulleres que faleceron por esta causa.

Destas mortes, **26 ocorreron en auga doce**, considerando tanto as augas bravas dos ríos coma as piscinas ou encoros, e **24 en auga salgada**. En tres casos non se reportou.

En 3 delas, a asistencia sanitaria dos servizos de emerxencias conseguiu trasladar as persoas con vida ao hospital e a morte atrasouse algúns días; en todos os casos se trataba de mortes accidentais.

No 28% dos casos **detectáronse tóxicos. No 66,6% tratouse de mortes suicidas.** 5 casos de **morte accidental presentaban niveis elevados de alcohol etílico, na maioría dos casos, xunto con psicofármacos.** Nun dos casos suicidas detectáronse niveis elevados de tetrahidrocannabinol.

Entre os meses de xuño e setembro do 2023 tivemos 9 mortes accidentais en auga salgada, coa seguinte distribución por subdirección: 7 na Coruña, 1 en Lugo e 1 en Ferrol. As 3 nas que houbo asistencia sanitaria estiveron entre elas, e en 2 delas detectáronse tóxicos nas análises *post mortem*.



Estudo das mortes por accidente de tráfico

No que se refire ás mortes violentas por accidentes de tráfico, neste 2023 asinou un convenio de colaboración entre a Dirección Xeral de Tráfico e mais o Imelga en virtude do cal esta última se compromete a lle facilitar á primeira os resultados das análises toxicolóxicas. Resultados que adquiren un alto valor epidemiolóxico con vistas a unha axeitada canalización de recursos para a prevención destas condutas de risco ao volante.

Do total de mortes violentas, **112** foron consideradas accidentes de tráfico, o que supón o **11,6%** destas.

Respecto á **distribución por subdireccións**, mostramos os resultados no seguinte cadro, no que se observa tamén o **número de casos en que os tóxicos estiveron implicados**:

MORTE ACCIDENTAL 2023								
SUBDIRECCIÓN	A CORUÑA	FERROL	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	VIGO
ACCIDENTE DE TRÁFICO	17	1	19	25	9	20	21	112
ANALISE DE TOXICOS POSITIVOS	7	0	1	7	4	8	5	32

Estudo da morte suicida

A análise deste tipo de morte ten importantes repercusións epidemiolóxicas pola capacidade que teñen os nosos datos para proporcionar información relevante e significativa. Estamos a participar **no Programa de prevención e posvención das condutas suicidas en Galicia, e tamén podemos intervir na protección da saúde mental en colaboración co Servizo Galego de Saúde.**

Esta colaboración adopta un marco institucional coa creación do **Consello Interdepartamental de Coordinación para a Prevención e Atención das Condutas Suicidas** mediante o Decreto 21/2019, do 14 de febreiro, no que unha das vogalías lle corresponde ao Imelga, que comeza a súa intervención nel ao longo do 2023.

No mesmo senso, durante estes anos a dixitalización da historia clínica no Sergas e a habilitación dun acceso a ela para a realización de determinadas tarefas propias dos médicos forenses, reguladas na modificación feita no ano 2014 ao Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, así como a certificación en ciberseguridade e protección de datos do Esquema Nacional de Seguridade de acordo co Real decreto 311/2022, no mes de outubro de 2023, permiten ter un contorno seguro para o intercambio destes datos.

Dentro do noso aplicativo Simelga desenvólvese a ferramenta “Libro de autopsias” para a recolleita dos datos dos falecidos sometidos a investigación xudicial, coa que dispomos dos datos de interese nos casos de suicidio de xeito inmediato.




O seguinte paso consiste en automatizar o intercambio entre os dous sistemas operativos, lanus e Simelga, aproveitando a plataforma de automatización robótica intelixente desenvolvida pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) para a automatización do rexistro dos falecidos xudiciais no INE.

Estes avances supoñen unha oportunidade para desenvolver esta colaboración dun xeito máis eficiente, seguro e protexido, coa finalidade de favorecer as políticas públicas na protección da saúde mental dos cidadáns na nosa Comunidade.

Datos das mortes suicidas:

Investigáronse **326** mortes suicidas, o que supón o **33,78%** das mortes violentas e un **16,24%** de todas as mortes.



No seguinte cadro reflíctense estes **datos por sexo e idade**:

MORTES DE ETIOLOXIA SUICIDA NO ANO 2023		
SEXO	HOMES	250
	MULLERES	76
IDADE	NÚMERO	%
<20 anos	4	1,2%
21-30 anos	27	8,3%
31-40 anos	31	9,5%
41-50 anos	51	15,6%
51-60 anos	58	17,8%
61-70 anos	56	17,2%
71-80 anos	57	17,5%
81-90 anos	31	9,5%
>90 anos	11	3,4%



O máis frecuente é que sexan homes: un **76,7%**, fronte ao **23,3%** de mulleres. Neste sentido chama a atención a ausencia de mortes suicidas en mulleres na subdirección de Ferrol.

Hai unha maior incidencia dos suicidios na **poboación adulta maior de 40 anos** respecto dos menores de 40.

O rango de idade máis frecuente sitúase **entre os 51 e os 80 anos**, que representan o **52,5%**.

Tivemos 3 casos por encima dos 90 anos e 2 casos de persoas de 100 e 101 anos, cun **12,9%** de incidencia nas idades avanzadas (dos 81 anos en diante).

Só tivemos 4 casos de menores de 20 anos (o menor deles, un neno de 13 anos), polo que **os nosos datos son pouco concordantes coa alarma social** que indica o aumento da incidencia de suicidio na infancia e adolescencia.

DISTRIBUCIÓN DOS SUICIDIOS SEGUNDO MECANISMO UTILIZADO ANO 2023	
	TOTAIS
AFORCAMENTO	164
PRECIPITACIÓN	46
ENVELENAMENTO	40
AFOGAMENTO/SUBMERSIÓN	21
DISPARO POR ARMA DE FOGO	14
CONTACTO CUNHA ARMA BRANCA	8
TRANSPORTE (ARROLADO POR VEHÍCULO)	4
OUTRO MECANISMO DE PRODUCCIÓN	29

A causa máis frecuente continúa a ser o **aforcamento (50% dos casos)**.

A gran distancia atópanse en segundo lugar a precipitación e en terceiro o envelenamento, máis o menos semellantes: o **14,1%** e o **12,3%**, respectivamente.

Non obstante, **na provincia de Lugo hai máis casos de precipitación e tamén de intoxicación**, aínda que tendo cifras moi semellantes.

É salientable sinalar a elevada cantidade de **mortes por arma de fogo na provincia de Ourense**, pois só ela supón un **terzo de todas as da Comunidade**.

O estudo do lugar dos feitos ten moito interese para establecer políticas de prevención pública. En entre o **80%** e **90%** dos casos, o lugar elixido para cometer o suicidio é o **propio domicilio do falecido**.



As zonas públicas tamén teñen unha distribución específica: así, **na área rural as zonas de monte son máis frecuentes** no caso dos aforcamentos e precipitacións, mentres que os **casos de afogamento suicida** resultan máis habituais **nas áreas de costa**.

Polo interese que representan os **casos de envelenamento**, moi elevados na provincia de **Lugo** e na subdirección de **Vigo**, fixemos un estudo dos máis relacionados con estas mortes en todo o territorio.

Os resultados indican unha elevada implicación dos psicofármacos e fármacos asociados ao tratamento da dor. Só en 3 casos estaban asociados ao alcohol e noutros 3 á cocaína.

Encontramos **un caso de uso de fentanilo** asociado á cocaína para obter o resultado de morte na subdirección da Coruña, o que indica **o limitado uso deste fármaco na nosa Comunidade neste tipo de mortes**.

O uso das drogas de abuso como mecanismo suicida diminuíu progresivamente nos últimos anos, e a nosa casuística mostra que están implicadas a cocaína, a metadona e o cánnabis, máis frecuentemente asociadas ao alcohol etílico.

DISTRIBUCIÓN DOS SUICIDIOS NOS MESES DO ANO 2023	
Xaneiro	18
Febreiro	21
Marzo	36
Abril	34
Maio	26
Xuño	34
Xullo	28
Agosto	25
Setembro	18
Outubro	26
Novembro	11
Decembro	18
Non reportado	31

Con respecto á distribución no ano 2023, esta reflicte **un maior número de casos nos meses de marzo e abril**, o que coincide cos anos anteriores, nos que se mostra un aumento da incidencia nos meses en que se produce un cambio de estación; non obstante, este ano só se relaciona coa primavera, e non cos casos do final do ano, época en que diminúe moito esta incidencia, sendo **novembro o mes en que se presentou unha menor incidencia**.



OUTRAS ACTUACIÓNS PERICIAIS



Asistencia a xuízo oral

De todas as actuacións periciais pódese derivar a necesidade de comparecer a xuízo oral, o que require do tempo dos peritos, e non só para a mesma, senón tamén para a preparación do asunto, do cal se cadra emitiron o informe tempo atrás.

No ano 2023, a distribución do total de citacións indica que no **77,33%** dos casos se cita aos médicos forenses, que recibiron **1.194** citacións, sendo a subdirección de Vigo onde máis se precisa a comparecencia destes profesionais, xa que abrangue case un terzo das citacións de todo o territorio (un **28,72%**).

Pola súa banda, os equipos psicosociais foron citados no **22,66%** dos casos, sendo as subdireccións da Coruña e de Santiago as que máis requiren deles, cunha importante diferenza respecto ao resto. Esta distribución é concordante coa cantidade de actividade pericial que realizan ambos os perfís profesionais.

SUBDIRECCIÓNS		A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
ACTUACIÓNS A XUÍZO ORAL	MÉDICO FORENSE	77	110	111	52	314	187	343	1.194
	EQUIPO PSICOSOCIAL	77	12	50	48	46	72	45	350
Nº actuacións		154	122	161	100	360	259	388	1.544

Actividade de garda

Unha cantidade importante das actuacións dos médicos forenses ten lugar no cumprimento da actividade de garda para os xulgados de instrución de cada partido xudicial da nosa Comunidade. Estas actuacións supoñen o inicio da pericia que logo deriva na emisión de informes medicoforenses definitivos, tanto no ámbito da clínica forense coma no ámbito da patoloxía forense.

Os médicos forenses son os únicos profesionais do Imelga que prestan este servizo de garda, con gardas semanais de martes a martes e unha distribución de aproximadamente unha semana ao mes, todos os meses do ano, por cada médico forense.

As **actuacións de garda relacionadas co servizo de patoloxía** recóllense no seguinte cadro:

SUBDIRECCIÓNS		A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
LEVANTAMENTO DE CADÁVER	ACCIDENTE	159		79	69	93	32	183	615
	HOMICIDIO	42		27	42	55	20	33	219
	MORTE NATURAL	44		31	24	28	25	59	211
	SUICIDIO	2		1	1	1	2	6	13
Nº Pericias		247	0	138	136	177	79	281	1.058



No que se refire ao ámbito da clínica forense, as actuacións son máis variadas, xa que poden derivar de diversos escenarios posibles: valoración de lesións en dilixencias urxentes; valoración de detidos con ou sen toma de mostras para análise de drogas ou en relación co cotexo de ADN en vestixios biolóxicos; valoración das vítimas de violencia de xénero urxente; valoración da capacidade procesual dos imputados en todo tipo de delitos; valoración para internamentos involuntarios tanto no medio hospitalario coma no ámbito residencial; e mesmo valoracións urxentes das vítimas de violencia sexual nos servizos de urxencias sanitarias.

A continuación resúmense as **actuacións no ámbito da clínica forense por tipo de actuación por subdirección realizadas no ano 2023:**

SUBDIRECCIÓNS		A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
VALORACIÓN DE DANO CORPORAL	ACCIDENTE FORTUÍTO					1			1
	ACCIDENTE LABORAL	1						1	2
	ACCIDENTE TRÁFICO		1		2	1	1		5
	AGRESIÓN A FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO	1	1		13	4	9	4	32
	AGRESIÓN EN DETIDOS	1		1		1	2	2	7
	AGRESIÓN ORDINARIA	106	29	10	36	33	70	156	440
	AGRESIÓN VIOLENCIA DE XÉNERO	111	43	2	42	34	34	126	392
AGRESIÓN VIOLENCIA INTRAFAMILIAR	20	10		5	2	4	16	57	
	Subtotal	240	84	13	98	76	120	305	936
VALORACIÓN DE CAPACIDADE PSICOFÍSICA	ESTADO DE SAÚDE				2	12	12	9	35
	LABORAL								0
	MINUSVALÍA-DISCAPACIDADE								0
	INFORMES SOCIAIS								0
	Subtotal				2	12	12	9	35
VALORACIÓN PSIQUIÁTRICA	CONTROL DE MEDIDAS DE SEGURIDADE E SEGUIMENTO DE TRATAMENTO						1	1	2
	DANO PSÍQUICO	2		3	2	1		1	9
	DETERMINACIÓN DE DROGAS	2		2	4		33	101	142
	IMPUTABILIDADE	16	8	2	6	18	9	50	109
	INTERCONSULTA DIAGNÓSTICA				1			1	2
	INTERNAMIENTOS INVOLUNTARIOS PSIQUIÁTRICOS	19	39	1	208	136	21	125	549
	INTERNAMIENTOS RESIDENCIAIS INVOLUNTARIOS	16		1	34	133	36	69	289
	MEDIDAS DE APOIO	1			7	1		16	25
	OUTROS	4	2	1	7	3	11	1	29
RECOÑECIMENTO DETIDOS	2		3	2	1	2	1	11	
	Subtotal	62	49	13	271	293	113	366	1.167
OUTRAS PERICIAS MÉDICAS	AGRESIÓN SEXUAL								0
	DETERMINACIÓN DA IDADE					8			8
	NEGLIXENCIAS MÉDICAS								0
	RECOLLIDA DE MOSTRAS	4		2	1	5	27	5	44
	OUTROS								0
	Subtotal	4	0	2	1	13	27	5	52
VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	2					4		6
	Subtotal	2					4		6
TOTAL DE ACTUACIÓNS		308	133	28	372	394	276	685	2.196

Polo tanto, ao longo deste ano fixéronse un total de **3.254 actuacións de garda.**



ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA



Dixitalización e Novas tecnoloxías

Traballouse na **ampliación do espazo da intranet, cambiando o nomeamento do separador a "IMELGA"** para **incluír todos os colectivos que o compoñen**, tanto os médicos forenses coma os equipos psicosociais e os auxiliares de autopsia, e incluimos o logo corporativo do noso instituto.

Neste espazo incorporáronse, ademais de avisos xerais, recursos ao servizo dos profesionais tendo en conta os diferentes perfís do Imelga.



Acometeuse tamén a **dixitalización das comunicacións desde as salas de autopsias** situadas nos centros externos ás sedes das subdireccións, nos hospitais do Sergas, cos xulgados de garda.

Dotáronse de módems portátiles USB coa finalidade de ter datos e poder conectarse en remoto desde as salas a todas as aplicacións, e deste xeito poder traballar **axilizando a realización dos informes e a comunicación co xulgado de garda na xestión dos falecidos xudiciais**, mellorando así a axilidade na entrega destes aos familiares e a toma de decisións xudiciais nos casos complexos.

Ciberseguridade e protección de datos

Coa Oficina Técnica de Seguridade para Administración de Xustiza, posta en marcha desde a Amtega dentro dos proxectos de reforzo da ciberseguridade no ámbito da Administración de xustiza en Galicia co obxectivo de avanzar no cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade (ENS) e implantar as ferramentas e plataformas do



Centro Criptolóxico Nacional (CCN), levouse a cabo o proceso de adecuación e auditoría para acadar a certificación ENS dos sistemas de información prestados desde a Amtega que dan soporte a “Xestión do Imelga”, para a xestión do Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Desenvolvéronse **procesos de preauditoría e de adecuación ENS** dos sistemas de información citados previamente ao proceso da auditoría.

En setembro de 2023 levouse a cabo a **auditoría de certificación** para determinar a conformidade do Sistema de información da organización coas disposicións do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica.

O resultado foi a consecución da primeira certificación ENS de servizos específicos do ámbito da Administración de xustiza en Galicia, que son prestados desde a Amtega.

Reforzouse tamén o coñecemento dos profesionais nesta materia e xestionouse o desenvolvemento dunha serie de actividades de formación dentro do Imelga.

Proxectos de innovación

A medicina legal é un campo onde resulta precisa a innovación para o avance científico, e tamén tecnolóxico, con miras á mellora das condicións de traballo e á implantación das novas tecnoloxías no traballo diario, polo que se acometeron os seguintes proxectos:

Robotización do intercambio de datos co Instituto Nacional de Estatística (en diante, INE).

No cumprimento da nosa obriga de informar ao INE das causas de morte no caso das defuncións con intervención xudicial, recolleita no artigo 22.2 do novo Regulamento dos institutos de medicina legal e ciencias forenses, aprobado polo Real decreto 144/2023, duplicouse o rexistro dos datos nas plataformas das dúas institucións.

Identificada a situación, comezamos as xestións co INE para, a través da Amtega, desenvolver unha plataforma de robotización de intercambio de datos, de modo que se descargasen directamente ao INE unha vez rexistrados no noso sistema.

A ferramenta requiría, dentro do sistema Simelga, unha mellora no rexistro dos datos do servizo de patoloxía, así que se creou a parte do aplicativo denominada “Libro de autopsias”.

Esta ten as seguintes funcións:

- Rexistro de datos, tanto para nós coma para o INE.



- Elaboración dos informes estandarizados do servizo de patoloxía.
- Xestión de mostras para o envío destas aos laboratorios de referencia, con impresión das etiquetas dos contedores e rexistro da chegada de resultados procedentes dos anteditos laboratorios, establecendo unha rastrexabilidade da xestión das mostras.
- Recollida de datos para a xestión estatística.

Todo isto permítenos obter datos para a realización de proxectos de investigación e facilita o seu intercambio con entidades coas que se asinaron convenios ou acordos de colaboración, como a Dirección Xeral de Tráfico (DXT) e o Sergas.

UAVs (vehículos aéreos non tripulados).

Presentamos a nosa candidatura a participar no proxecto, desenvolto pola Axencia Galega de Innovación (GaiN), "Civil UAVs Initiative" para desenvolver solucións mediante compra pública en innovación (CPI), co obxectivo de recoller os retos que afrontamos e que poderían ser resoltos mediante solucións baseadas en tecnoloxías de sistemas aéreos non tripulados para mellorar a prestación de servizos públicos no ámbito civil.

A nosa proposta baseábase no **uso destes sistemas para recoller toda a información posible do contorno ambiental e da situación relacionada co cadáver, e ao redor do mesmo, da forma o máis fiel posible, antes de retiralo naqueles casos en que se atopa nun lugar pouco accesible.**

Entre os obxectivos que se perseguen co desenvolvemento da proposta están:

- Mellorar a investigación das mortes violentas ou sospeitosas de criminalidade evitando a perda de probas que permitan obter conclusións axeitadas aos feitos no noso labor de asistencia técnica na Administración de xustiza.
- Obter imaxes que achegan información aos médicos forenses previamente á realización da autopsia, que poden ser custodiadas e revisadas cun nivel de fidelidade absoluto nos casos en que é necesario mobilizar o cadáver con carácter previo á exploración forense debido á inaccesibilidade do lugar.

Tras a selección do noso proxecto no reto de seguridade dos cidadáns, fomos convocados á presentación da Consulta Preliminar ao Mercado o 24 de outubro do 2023, á espera de iniciar o desenvolvemento durante o 2024 das propostas de solución do noso reto na Liña de Fomento de Innovación desde a Demanda (Liña FID) para a Compra Pública de Innovación, do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, cofinanciada polo Programa Plurirrexional de España 2021-2027, dos Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER).



Colaboracións inter-institucionais

Sergas.

- **Participación no programa de prevención e posvención do suicidio**, exposto no capítulo do servizo de patoloxía forense.
- **Formación na asistencia ás vítimas da violencia sexual.**

DXT: Convenio de colaboración para o intercambio de datos sobre o consumo de alcohol e tóxicos dos falecidos nos accidentes de tráfico, exposto no capítulo do servizo de patoloxía forense.

Axencia Galega de Emerxencias (Axega):

- Participación **no simulacro de accidente aéreo no aeroporto de Alvedro, A Coruña**, o 15 de novembro do 2023.
- **Participación nos plans de protección civil desenvolto por esta axencia, en concreto no Plan de protección de praias.** Os resultados desta colaboración expuxéronse no apartado do servizo de patoloxía forense, no estudo de morte por afofamento.

Actividade docente e de investigación científica

Dentro das funcións dos institutos de medicina legal encóntrase a investigación científica, a colaboración na formación de profesionais doutras entidades e a propia formación continuada do persoal da nosa institución.

Comisión de formación e investigación do Imelga: a entrada en vigor do novo Regulamento dos institutos de medicina legal e ciencias forenses no mes de febreiro do 2023 xerou a necesidade de modificar a antiga Comisión de Docencia e Investigación. Constituída no Consello de Dirección do 14 de novembro do 2023, está composta polas seguintes persoas:

- **Tamara Méndez Fernández.** Xefa de clínica da Subdirección de Ourense.
- **Judith Rego Timiraos.** Especialista en Medicina Física e Rehabilitación. Médica forense da Subdirección da Coruña.
- **M^a Ángeles Romero Tirado.** Médica forense. Doutora en Medicina. Xefa de Patoloxía da Subdirección de Pontevedra.



Actuacións:

1. Xerar as propostas de formación continuada para os cursos do ano seguinte, o 2024, a través da Escola Galega da Administración Pública (EGAP), establecendo os programas e os directores que os xestionarán.
2. Programar as sesións clínicas en liña para a interacción e aprendizaxe dos profesionais na mellora da súa actividade e para a transmisión das novidades técnicas e científicas.
3. Iniciar as actuacións para a obtención da acreditación docente MIR.

Investigación científica: o noso instituto participou en varios proxectos a nivel nacional:

- **Programa Barnahus do Consello de Europa.** Xunto coa entidade externa Save the Children, participamos no mapeo da situación na nosa Comunidade Autónoma.
- **Estudo sobre filicidios a nivel nacional** do Comité Científico do Consello Médico Forense, coa recollida de datos dos casos investigados polo noso instituto e do resto de España nos últimos 10 anos.

Colaboración cos centros de formación profesional.

O Imelga participa na formación práctica de estudantes do ciclo superior de FP de Anatomía Patolóxica, no marco da colaboración entre a Consellería de Educación e mais a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, **a través do *Convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo cos seguintes centros docentes:***

- **CIFP Ánxel Casal-Montealto**, na subdirección da Coruña.
- **IES Montecelo**, na subdirección de Pontevedra.
- **CIFP Manuel Antonio**, na subdirección de Vigo.

Colaboración noutras actividades como docentes ou divulgadores na nosa actividade:

- **XXV Xornadas de encontro entre profesionais da Administración de xustiza e da Comunidade transplantadora.** Celebrado en Santander do 22 ao 24 de febreiro de 2023.
- **Curso con UFAM.** Intervención con 2 relatorios: 'Violencia doméstica e sobre a muller' e 'Violencia sexual'. Celebrado en Vigo no mes de marzo de 2023.
- **Seminario UNAD** (rede de atención ás adiccións). 'A importancia dos programas xurídico-sociais en el proceso terapéutico nas persoas con conductas aditivas'. Celebrado no salón de actos da Consellería de Sanidade o 20 de xullo de 2023.
- **Xornada do Día mundial da prevención do suicidio.** Posvención. Organizada pola Fundación Araganey, celebrada o 8 de setembro de 2023.



- **Xornada sobre urxencias e emerxencias.** Atención inicial ao trauma grave. Organizada pola Fundación pública de Urxencias Sanitarias de Galicia 061, o 3 de outubro de 2023.
- **Xornada sobre a violencia de xénero, organizada pola Consellería de Sanidade.** Co relatorio "Violencia de xénero: pasado, presente e futuro nos institutos de medicina legal". Celebrado o 23 de novembro de 2023.

Formación continuada da EGAP.

ID 20439 **Actualización en violencia de xénero.** Celebrado o 16 e 17 de novembro de 2023.

ID 20442 **Técnicas especiais en autopsia.** Destinado a auxiliares/técnicos de autopsias. Celebrado o 6 e 7 de novembro de 2023.

ID 20457 **Memoria de testemuñas.** Desenvolvemento recente en investigación. Destinado a psicólogos. Celebrado o 23 e 24 de novembro de 2023.

ID 20445 **Metodoloxía de elaboración de informes no traballo social forense.** Destinado a traballadores sociais. Celebrado o 26 e 27 de outubro de 2023.

Formación continuada do CEJ.

No marco do Convenio de colaboración coa nosa Comunidade Autónoma, que ten transferidas as competencias en materia de Xustiza, púidose participar nos seguintes cursos na modalidade en liña:

2023/ff016mf: **"Atención integrada de vítimas de abuso sexual infantil- Barnahus"**. Celebrado o 5 e 6 de outubro de 2023.

2023/fc006mf: **"Valoración pericial da praxis médica na oftalmoloxía, cirurxía xeral e do aparato dixestivo, en anestesia e reanimación"**. Celebrado o 16 e 17 de novembro de 2023.

Anfitrións organizadores da reunión do 2º semestre de directores dos institutos de medicina legal, desenvolta en Santiago de Compostela o 2 e 3 de outubro do 2023.

Bolsas de formación:

No contexto das bolsas de formación da Dirección Xeral de Xustiza, no seu compromiso coa mellora das competencias dos profesionais do Imelga, os nosos profesionais puideron acceder a formación a través doutros eventos organizados por diversas entidades, coma o Congreso da Sociedade Española de Patoloxía Forense, ao que acudiron dous xefes de sección de patoloxía e un médico forense, ou o Congreso da Asociación Nacional de Médicos Forenses, ao que asistiu un médico forense da nosa Comunidade.



Outras reunións:

Reunión do comité asesor do Plan de salvamento en praias de Galicia (SAPRAGA), celebrada na sede da Axega da Estrada o 25 de maio de 2023.

11ª sesión do Pleno do Consello Médico Forense, con asistencia como vogais do 2023, celebrada no Ministerio de Xustiza o 30 de novembro de 2023.

Décimo novena reunión da Comisión Técnica Nacional para Sucesos con Víctimas Múltiples, celebrada no Ministerio de Xustiza o 13 de decembro de 2023.

Pleno ordinario da Comisión Galega de Protección Civil, celebrado na Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) o 15 de decembro de 2023.

En resumo

A nosa actividade tivo un incremento notable, cun **aumento de case 1.000 solicitudes anuais nos 5 últimos anos** procedentes dos xulgados, fiscalías e tribunais de Galicia aos que prestamos servizos. Os datos indican que no ano 2023 **o 90% das solicitudes de pericia foron resoltas**, tendo en conta que os informes emitidos e as non asistencias supoñen o final de cada pericia.

Os solicitantes tiveron á súa disposición un informe pericial definitivo durante este ano no 83% dos casos.

Noutro ámbito, a **dimensión social que adquire o noso instituto** reflíctese nas múltiples colaboracións con diferentes entidades públicas, para as que os datos dos nosos casos teñen un elevado valor.

Grazas a estas colaboracións participamos no desenvolvemento de políticas públicas, desde a prevención de accidentes e agresións sexuais ata políticas sanitarias no contexto da protección da saúde mental ou do consumo de tóxicos e drogas de abuso.

A formación continuada dos nosos profesionais permite a mellora das súas competencias no servizo público que lles corresponde.

A relevancia social maniféstase tamén no noso labor como entidade docente a través dos convenios con Educación no ámbito da formación profesional, ademais de como divulgadores participando en actividades de diferentes entidades públicas e privadas que nos requiren.

Finalmente, non temos que esquecer as melloras nos **medios técnicos e nas ferramentas dixitais e innovadoras, que fan máis eficiente e profesional a resposta nos diferentes ámbitos en que participamos.**

